



MOCIÓN

Solicitando da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais a creación dunha oficina do SMAC en Vilagarcía

O Servicio de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) é unha Sección especializada dentro da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais á que foi transferida.

As funcións de mediación e arbitraje que, legalmente, ten establecidas como parte esencial nos procesos de discrepancia nas relacións laborais, en aspectos colectivos e máis intensamente no referido ós litixios individuais promovidos polos traballadores e traballadoras necesitados da mediación xudicial en amparo e protección do dereito ó traballo; nomeadamente no caso de despedimento laboral sen acordo entre as partes que precisan dunha sentenza que cualifique a súa procedencia.

En tódolos casos, o SMAC é a primeira instancia procedente na procura dun acordo extraxudicial. Para os traballadores de Vilagarcía este acto é unha das catro ou cinco veces que deberan desprazarse a Pontevedra antes de rematar o proceso. Anualmente desenvólvense, aproximadamente, un milleiro de intervencións do SMAC que teñen como parte interesada a persoas residentes en Vilagarcía ou na súa área de influencia.

A intervención de mediación conciliadora que se desenvolve só precisa de dúas persoas, polo SMAC, e non require de localización fixa nin de equipos permanentes; por tanto, pódese realizar con desprazamento fóra da oficina actual, mesmo limitando os desprazamentos a un ou dous por semana para adecualos á demanda de mediación que se produza.

É por iso que, o **Grupo Municipal do BNG**, propón que polo pleno da Corporación se adopte o seguinte,

A C O R D O

Solicitar da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais a creación dunha oficina comarcal do SMAC a localizar en Vilagarcía; como canle para facilitar a realización de tódolos actos de conciliación, mediación e arbitraje que afecten a traballadores residentes no seu entorno comarcal e de influencia, loxicamente de non mediar petición en contrario de parte.

Vilagarcía, 19 de novembro de 2002

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA